



## “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE O VALADOURO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VILACAMPA 2025”

Reunidos no Valadouro, a 11 de decembro de 2025

Dunha parte, Don José Manuel Lamela Piñeiro, alcalde-presidente, en representación do Concello do Valadouro, con CIF nº P2706300G con domicilio en Ferreira do Valadouro, rúa Feira Nova nº 1, CP 27070, asistido polo secretario-interventor acumulado do Concello, Don Alfredo Sesar Peón.

E doutra parte, Dona Ana María Pita Prieto, maior de idade con DNI 33997426E, na súa calidade de Presidenta da Asociación de Veciños de Vilacampa, con CIF G70968383 á que representa neste acto con enderezo aos efectos de notificación en Lg. Vilacampa, S/N – Escola de Vilacampa - 27778 O Valadouro (Lugo).

Ambas as dúas partes recoñécense mutua e reciprocamente e capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente:

### EXPOÑEN:

**PRIMEIRO:** Que a Asociación de Veciños de Vilacampa é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxecto defender os dereitos e intereses lexítimos colectivos dos veciños/as, promover accións encamiñadas no mantemento e mellora da calidade de vida, promover a cultura, a convivencia, o deporte e a dotación de servizos e defensa do entorno común e das infraestruturas. Que detecta a necesidade de Mellora da Escola de Vilacampa.

**SEGUNDO:** Que o Concello do Valadouro considera o interese público e social da Asociación de veciños de Vilacampa, impulsando a participación da mesma na definición das necesidades de inversión específicas en cada un dos seus ámbitos de actuación mediante a posta en marcha de programas de subvención para investimentos.

**TERCEIRO:** Que a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, posibilita no artigo 25, promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.





CUARTO: Que por Resolución de Alcaldía nº 1057/2025, de data 11 de decembro de 2025, se concede unha subvención nominativa, con cargo á aplicación 151.780 do Orzamento Municipal de Gastos de 2025 por importe de 9.994,60 euros.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes:

## CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Que a subvención concedida ten como finalidade o financiamento de gastos de investimento da Asociación de Veciños de Vilacampa mediante a execución da actuación “Mellora da Escola de Vilacampa”, e o outorgamento da axuda económica ven condicionada na Resolución de Alcaldía nº 1057/2025, de data 11 de decembro de 2025, e á sinatura do presente Convenio, polo que o beneficiario se compromete ao seguinte:

- Realización do investimento “Mellora da Escola de Vilacampa”, segundo se define na cláusula anterior e de conformidade co seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Colocación de tarima de pino roxo e reposición de puntóns (62m2)	5.280,00€
Escaleira dende o baixo ata a 1ª planta en pino roxo	2.980,00€
IVE	1.734,60€
<b>Total</b>	<b>9.994,60 €</b>

- Obter os permisos e autorizacións que resulten preceptivos, de ser o caso, para a realización do investimento.
- Someter ás actuacións de comprobación e organización, que os órganos competentes do Concello realicen.
- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.
- Na publicidade pola que se de a coñecer a realización do investimento farase constar de forma clara que está subvencionado ou patrocinado polo Concello de O Valadouro.
- Presentar antes do día **15 de setembro de 2026** no rexistro xeral do Concello a conta xustificativa, de acordo co previsto no artigo 72 do Real Decreto 887/2006, de 1 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de Subvencións:

-Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas ou autenticadas xustificativas dos gastos efectuados. Ditas facturas deberán estar expedidas a nome da Asociación.

-Xustificantes bancarios do pago realizado.

-As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos de inversión, xustificarse aportando os seguintes documentos:





- Memoria detallada da actividade desenvolta e declaración de ter cumprido o obxecto da subvención.
- Relación de ingresos e gastos da actividade.
- Relación no seu caso doutras axudas concedidas á Asociación para a mesma actividade.
- Fotografías do investimento realizado no marco deste convenio.
- Certificados expedidos pola Tesourería Xeneral da Seguridade Social, da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda conforme a Asociación se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social en vigor.
- O Concello do Valadouro reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

SEGUNDA: Que o Concello do Valadouro se compromete a:

Achegar a cantidade económica de 9.994,60 € € de conformidade coa Resolución de Alcaldía nº 1057/2025 de data 11 de decembro de 2025, coa finalidade de colaborar na inversión “Mellora da Escola de Vilacampa”.

Consideraranse gastos a subvencionar de acordo cos fins recollidos no presente convenio, aqueles gastos que de maneira indubidable respondan á natureza do investimento subvencionado e resulten estritamente necesarios.

No caso de que os custos resulten inferiores aos inicialmente previstos, o Concello de O Valadouro terá a facultade de reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude da Asociación de Veciños, autorizar á aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto ou memoria valorada das actuacións pretendidas.

Os gastos subvencionables deberán producirse e realizarse dentro do prazo comprendido entre o día **1 de xaneiro de 2025 e o día 1 de setembro de 2026**, ambos os dous incluídos.

TERCEIRA: Poderá concederse un anticipo de ata o 75 % con dispensa de garantía sobre o importe total subvencionado, e previa solicitude efectuada polo interesado.

Para o abono do anticipo o beneficiario deberá achegar a seguinte documentación, no caso, de non presentala coa solicitude:

- Solicitude do anticipo.
- Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.





- c) Declaración responsable na que se faga constar que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- d) Documento emitido pola entidade bancaria, no que se reflicta a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

CUARTA: Establécese a obriga por parte da Asociación de Veciños de Vilacampa de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 74 a 76 do Real Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de Subvencións de Galicia.

QUINTA: De acordo co recollido no artigo 17 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a percepción da presente axuda será compatible coas doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privadas, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, o importe da subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SEXTA: Se a Asociación presenta a solicitude de anticipo o pago íntegro da subvención realizarase con carácter excepcional previo á xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

SÉTIMA: A vixencia do presente Convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2025, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas nel asumidos.

A data límite da vixencia do Convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de decembro de 2026, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 30 de novembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

OITAVA: A modificación deste Convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial e sempre que dito convenio esté vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no citado artigo 49 da LRXSP.

NOVENA: No non previsto neste Convenio estarase ao disposto nas bases de concesión de subvencións contidas nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello do Valadouro, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Real Decreto 11/2009, de 8 de





xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Igualmente no tocante ao carácter xurídico de este convenio estarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En O Valadouro, a 11 de decembro de 2025.

O alcalde-presidente: José Manuel Lamela Piñeiro.

A presidenta da asociación: Ana María Pita Prieto.

O secretario-interventor acumulado: Alfredo Sesar Peón.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.**

